

Asociación Empresarios Sada e As Mariñas
Avenida República Arxentina, 37
15160 Sada - A Coruña

Expediente: S.11.Q/21390/17

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2017

Estimado/a Sr./a.:

Nesta institución iniciouse unha actuación de oficio á vista do artigo de opinión titulado “La homosexualidad es pecado” e que se recolle na publicación da asociación de empresarios de Sada e As Mariñas.

Por diferentes medios recibíronse manifestacións na contra do seu contido por consideralo ofensivo para ás persoas as que se refire.

Unha vez analizado dito contido coincidimos en que trátase de afirmacións que prexudican a dignidade e o respecto das persoas LGTBI. Son manifestacións que fomentan un entorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante, ofensivo ou segregador desas persoas.

O exposto é contrario ao previsto na Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Ademais, a través dun medio (en realidade do medio dunha asociación de empresarios) non se transmite unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada. Descoñecemos se a publicación recibe axudas públicas directa ou indirectamente. En caso positivo consideramos oportuno que a administración ou administracións que as concedan revisen os criterios ao respecto, de acordo co previsto no Capítulo IX da lei 2/2014.

As anteriores razóns son suficientes para concluír que as manifestacións analizadas non resultan adecuadas aos principios constitucionais, en especial ao principio de non discriminación por razón de sexo ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social (art. 14 CE), e á normativa autonómica de igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais, e que os termos nos que se producen son rexeitables.

Esta valoración faise en aplicación das función atribuídas ao Valedor do Pobo pola Lei 2/2014, que faculta á institución como “autoridade independente para velar pola igualdade de trato e non discriminación por razón das causas previstas nesta lei, tanto no sector público como no privado” (disposición final segunda).

Este criterio trasládase á asociación de empresarios de Sada e farase pública polos medios propios do Valedor do Pobo e no Informe Anual que se dirixa ao Parlamento de Galicia.

Saúdao.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

Sr. D. Fernando Ucha Bellón
*Presidente da Asociación de Empresarios de Sada e
As Mariñas*
Avenida República Arxentina, 37 - semisótano
15160- SADA (A Coruña)

e-mail: asociacióndeempresariosdesada@gmail.com

Expediente: S.11.Q/21390/17

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

Estimado Sr. Ucha:

Acusamos recibo do seu correo electrónico do 31 de outubro pasado, en relación ao expediente de queixa arriba referenciado, iniciado de oficio por esta Institución, pola publicación dun artigo de opinión na publicación da Asociación de Empresarios de Sada e As Mariñas.

Agradecemos a súa resposta, tomamos coñecemento do seu contido e das desculpas da Asociación de Empresarios polos feitos acontecidos, e informámoslle que coa data de hoxe, procedemos á conclusión e arquivo do expediente de queixa S.11.Q/21390/17.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo